



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E OITO DE FEBREIRO DE 2018, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE D. ROGELIO LEMA MOUGÁN D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN D ^a : BEATRIZ AMENAL JUNQUERA D. EUGENIO BARREIRO GÓMEZ D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE D ^a , MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e vinte minutos do día vinte e oito de febreiro de dous mil dezaioito, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (24/01/2018).

Queda pendente a incorporación do texto da moción presentada polo Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, no punto 7º da orde do día: Moción de don Roberto Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, e de don José A. Pose Rodríguez, do BNG-AA para revogar o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 25 de outubro de 2017 no punto 2º da orde do día Aprobación inicial, se procede, da Relación de Postos de Traballo (RPT) do persoal municipal, ao que accede o Pleno.

2º.- Corrección de erros no acordo adoptado polo pleno en sesión ordinaria celebrada o 15/12/2017 de aprobación do POS+2018.

Dáse conta da corrección de erros no acordo adoptado polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 15 de decembro de 2017, de aprobación do POS+ 2018, no que se refire ao Plan Complementario onde di: "proxecto básico e de execución para acondicionamento de espazo público en Fontao: 290.000,00 euros", debe dicir: "proxecto básico e de execución para a condicionamento de espazo público en Fontao: 293.011,53 euros".

E onde di: "Proxecto básico e de execución para obradoiro compartido para a elaboración de produtos agrícolas", debe dicir: "Proxecto básico e de execución para obradoiro compartido para a elaboración de produtos agrícolas en San Mamede".



Posta a votación apróbase con once votos a favor do PP e do PSdeG-PSOE, e dúas abstencións do BNG-AA e o Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito.

3º.- Acordo, se procede, sobre ratificación de Resolúcións da Alcaldía de aprobación de proxectos modificados do POS+ 2018.

Dáse conta das seguintes Resolúcións da Alcaldía:

Resolución Alcaldía núm. 60/18 do 07/02/2018.

“O Pleno do concello en sesión ordinaria celebrada o día quince de decembro de dous mil dezasete acordou participar no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ 2018.

Visto o requirimento da Deputación Provincial sobre deficiencias no proxecto de obradoiro compartido para a elaboración de produtos agrícolas en San Mamede (Expediente 2017000019776)

Dado que se trata de correccións técnicas que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin á súa valoración económica, en función das competencias que legalmente me veñen atribuídas pola lexislación vixente, e sen prexuízo da súa ratificación polo Pleno

RESOLVO

Aprobar o proxecto corrixido de Obradoiro compartido para a elaboración de produtos agrícolas en San Mamede (Expediente 2017000019776) redactado polo arquitecto don Fermín González Blanco, cuxo orzamento ascende á cantidade de 129.306,93 euros”

Resolución Alcaldía núm. 64/18 do 09/02/2018.

“O Pleno do concello en sesión ordinaria celebrada o día quince de decembro de dous mil dezasete acordou participar no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ 2018.

Visto o requirimento da Deputación Provincial sobre deficiencias no proxecto de Acondicionamento de espazo público en Fontao (Expediente 2017000019762)

Dado que se trata de correccións técnicas que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin á súa valoración económica, en función das competencias que legalmente me veñen atribuídas pola lexislación vixente, e sen prexuízo da súa ratificación polo Pleno

RESOLVO


Aprobar o proxecto corrixido de Acondicionamento de espazo público en Fontao (Expediente 2017000019762) redactado polo arquitecto don Fermín González Blanco, cuxo orzamento ascende á cantidade de 293.011,53 euros”.

Resolución Alcaldía núm. 71/18 do 09/02/2018.

“O Pleno do concello en sesión ordinaria celebrada o día quince de decembro de dous mil dezasete acordou participar no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ 2018.

Visto o requirimento da Deputación Provincial sobre deficiencias no proxecto Ampliación da rede de abastecemento en San Xián de Sales, Illobre, Marzán e San Pedro de Vilanova (Expediente 2017000019886).

Dado que se trata de correccións técnicas que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin á súa valoración económica, en función das competencias que legalmente me veñen atribuídas pola lexislación vixente, e sen prexuízo da súa ratificación polo Pleno



RESOLVO

Aprobar o proxecto corrixido de Ampliación da rede de abastecemento en San Xián de Sales, Illobre, Marzán e San Pedro de Vilanova (Expediente 2017000019886) redactado por Estudio Técnico Gallego, S. A. , cuxo orzamento ascende á cantidade de 390.583,10 euros”.

A Presidencia sinala que as resolucións son dos proxectos aprobados en Pleno que se mandaron á Deputación, onde detectaron algunhas cuestións mínimas técnicas erróneas, para as que había dez días para corrixir, e unha vez feitas as correccións enviáronse de novo. O procedemento para facelo era a través de resolución de alcaldía e ratificalo despois no Pleno.

Posta a votación, apróbase con once votos a favor de PP e PSdeG-PSOE, e dúas abstencións do BNG-AA e o Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito.

4º.- Dar conta da liquidación do orzamento municipal do exercicio 2017.

Dáse conta da liquidación do orzamento municipal do exercicio 2017 que se axusta á normativa vixente ao respecto e que presenta un resultado orzamentario axustado de nove mil douscentos noventa e dous euros con sesenta e tres céntimos de superávit e un remanente de tesourería positivo para gastos xerais por importe de mil seiscentos nove euros con corenta e seis céntimos.

RESULTADO PRESUPOSTARIO	Euros
+ Dereitos recoñecidos netos	4.603.663,31
- Obrigas pendentes de pago	4.510.476,45
RESULTADO PRESUPOSTARIO ANTES DE AXUSTES	93.186,86
+ Desviacións negativas de financiamento	12.311,07
- Desviacións positivas de financiamento	96.205,30
+ Gastos financiados con Remanente Líquido de Tesourería	0
RESULTADO PRESUPOSTARIO AXUSTADO	9.292,63
REMANENTE DE TESOURERÍA	
+ Fondos existentes na Tesourería a 31-12-2016	65.157,16
+ Dereitos pendentes de cobro	519.365,63
- Obrigas pendentes de pago	386.064,98
Partidas pendentes de aplicación	180,00
REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA (TOTAL)	198.637,81
- Saldos de dubidoso cobro	107.513,47
- Exceso de financiamento afectado	89.514,88
REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	1.609,46

O Pleno do concello dáse por informado.

5º.- Acordo, se procede, sobre designación de membros da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Vedra.

A Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, dispón no seu apartado 7 que formarán parte das Mesas de contratación, como vogais, o Secretario, ou no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, ou no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de control económico orzamentario, así como aqueles outros que se designen polo órgano de contratación, entre o persoal funcionario de



carreira ou persoal laboral ao servizo da corporación, ou membros electos da mesma, sen que o número, en total, sexa inferior a tres.

Proponse que os compoñentes sexan seis, entre eles, como electos, o alcalde e un representante do grupo maioritario da oposición, o PSdeG-PSOE.

Polo que se propón designar os seguintes membros:

PRESIDENTE TITULAR: Carlos Martínez Carrillo - Alcalde.

PRESIDENTE SUPLENTE: María Jesús Piñeiro Caldelas (PP).

VOGAIS:

VOGAL 1ª: Beatriz Amenal Junquera (PSdeG-PSOE).

VOGAL SUPLENTE: Ramón Manuel Lago Lestón (PSdeG-PSOE)

VOGAL 2º: Carlos J. Méndez-Losada Abalo – Secretario Interventor.

VOGAL 3º: Carlos J. Sanmartín Carrera

VOGAL 4º: Clara Mª Lema Rodríguez.

SECRETARIA: Mercedes Pereiras Caldelas.

SECRETARIO/A SUPLENTE: un/unha funcionario/a municipal.

VOGAIS SUPLENTES: Mª Cruz Vilas Giadanes e Mª Teresa Amenal Junquera.

Posta a votación a citada proposta, apróbese por unanimidade dos asistentes.

6º.- Aprobación, se procede, do prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas para a contratación de servizos enerxéticos e mantemento con garantía total das instalacións de iluminación pública exterior mediante un contrato mixto de subministración e servizos do Concello de Vedra.

Dáse conta do prego de cláusulas administrativas particulares e prescrición técnicas para a contratación de servizos enerxéticos e mantemento con garantía total das instalacións do alumeadado público exterior mediante un contrato mixto de subministración e servizos do concello de Vedra, así mesmo, do informe elaborado para o efecto pola fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPC) coas suxestións ao respecto que se incorporan no prego de prescrición técnicas e tamén as modificacións do artigo 75 do prego técnico realizadas polo Consulting unha vez incorporadas as suxestións da FAEPC de cara a unha mellor apertura das posibles ofertas.

A Presidencia di que é un tema xa tratado en comisión e o que buscan é como mellorar este servizo de iluminación pública. É consciente de que agora mesmo moitas veces falla este servizo porque está anticuado e que hai que renovalo todo. Tamén se pretende acender os cincocentos farois que foron apagados no seu momento debido á crise económica. Preténdese ter unha iluminación que cumpra todas as prescricións técnicas actuais, situación que agora mesmo nalgúns casos non cumpre e que contribúa á mellora do medio ambiente; xa que se pasaría de consumir 1.400.000 Kw a pouco máis de 500.000 Kw, co que se emitiría menos CO₂ á atmosfera.

Cre que a mellor opción é a través dunha empresa de servizos enerxéticos como xa fixeron noutros concellos como o de Carballo, gobernado polo BNG-AA, co que se entrevistou para acadar información ao respecto.

Con esta contratación terán unha iluminación totalmente nova e sen arriscar nada, cunha garantía total; isto é, a empresa adxudicataria é a responsable total do funcionamento da iluminación e nos prazos establecidos nos pregos, co cal cando falle non hai dúbida de



quen ten reparalo, tamén é responsable de pagar a luz e instalar xa a telexestión do mesmo.

En canto ao prezo, no peor dos casos, estaríase pagando o mesmo que agora; agora págase arredor de 170.000 € de luz, tendo en conta que hai 500 farois menos acendidos. Se se acenderan agora estarían falando duns 200.000 € máis o mantemento do mesmo que é duns 24.000 €; o que sumaría un total de 225.000 € aproximadamente tendo unha mala iluminación.

A licitación deste servizo sae por uns 236.000 €, e tendo unha baixa só do 5% xa se chegaría aos 224.000 €, co que no peor dos casos estaríase pagando o mesmo pero cunha iluminación nova.

Tamén di que están pendentes da subvención do IDAE, porque é a primeira vez que subvenciona as inversións que se fagan a través dunha ESE (Empresa de Servizos Enerxéticos). Se fose concedida aforrarían arredor de 80.000 / 100.000 € anuais que se poderían destinar a outros servizos.

Entende que é a opción que menos risco ten e a que vai dar un mellor servizo ao cidadán, polo que solicita o voto a favor.

Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE di que o voto do seu grupo vai sen en contra por varios motivos.

Primeiro porque é un contrato complexo, e a Presidencia está dicindo que vai haber unha iluminación totalmente nova, cando nos case oito anos que leva no goberno o único que fixo foi apagar farois. Tamén di que trae este contrato a un ano vista das eleccións municipais, e segundo se falou na comisión en seis meses debería estar cambiada toda a iluminación.

Pregunta se a subvención do IDAE é só se se contrata unha empresa de servizos; ao que a Presidencia responde que hai varias liñas de subvención, e que é a primeira vez que subvencionan os pagos que se fagan en relación ao cambio de luminarias que os concellos fan ás ESE (Empresa de Servizos Enerxéticos).

Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE di que a esa subvención teríase acceso igual sen que fose un contrato por doce anos. Sinala que é excesiva a duración do contrato ata o ano 2030.

No punto cinco do informe observa un dato que di que sería bo establecer un calendario mínimo de aforro e tempos, é dicir, en que tempo do contrato se acada o aforro ofertado polo licitador, que calendario mínimo de implementación debe ter e que causas limitan este.

Non observa ese calendario por ningún lado, e para o seu grupo é darlle de comer a alguén moi grande que despois irá subcontractando a saber en que condicións. Di que o grupo de goberno se arrisca a un contrato de doce anos, tan agresivo que nunca se viu neste concello. A duración do mesmo é hipotecar aos futuros gobernos de Vedra.

Di que o aprobarán cos votos a favor do grupo de goberno, pero o PSdeG-PSOE votará en contra pola duración do contrato e pola hipoteca que supón.



O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, recoñécelle á Presidencia o esforzo por explicar que a empresa á cal se lle adxudique o contrato vai ser unha gran empresa que lle vai regalar cartos ao concello.

Di que concorda coa representante do PSdeG-PSOE en que a súa achega nos últimos oito anos á iluminación pública foi a de apagar farois e adxudicar un contrato de mantemento en circunstancias pintorescas.

O desacordo coa proposta do grupo de goberno é total e absoluta, xa que é unha proposta destinada a grandes empresas e que supón unha hipoteca de doce anos ao concello coa empresa adxudicataria.

Sinala que é unha modalidade de contrato obsoleta, que estivo de moda nos anos precedentes a saltar o “boom” da corrupción en Madrid froito deste tipo de contratos. Respecto da duración do contrato, puido traer á mesa o de Cangas, que fixo un contrato de servizos e obra similar cunha duración de oito anos.

Pregunta se consultaron coas comisións de festa como lles vai afectar este novo contrato, xa que hai instalacións de iluminación nalgunhas festas que se enganchan á rede de Fenosa, pero outras engánchase á iluminación pública.

Di que existe unha alternativa, que sería aproveitar as subvencións do IDAE para facer unha mudanza, unha renovación da iluminación pública en 3 / 4ses, en 3 / 4 anualidades que serían asumibles para as arcas municipais e serían contratos asumibles para empresas locais, xa que este contrato que propoñen precisa dunha provisión inicial de 70.000 €.

Pregunta cal sería a situación da iluminación pública unha vez vencido o contrato, é dicir, dentro de doce anos cal sería a vida útil que lle quedaría ás luminarias que se van repoñer agora e quen e de que xeito se vai asumir, transcorridos un par de anos despois de finalizado o contrato, a reposición e mantemento desa instalación.

Ademais, na alternativa que el propón, o concello nunha segunda fase podería acudir ao mercado enerxético libre sen acudir ás comercializadoras.

Di que o grupo de goberno pode estudar a alternativa que lle presenta e non someter a votación os pregos que traen a Pleno, ou seguir adiante coa súa propia proposta. Anuncia que o seu voto vai ser en contra.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA di que o seu voto vai ser en contra. Di que o que vai quedar dentro de doce anos son uns LEDs inútiles, xa que a súa vida útil é de once/doce anos, e dentro de doce anos hai que reconstruír toda a instalación.

Por outro lado di que o grupo de goberno non é consciente do que son doce anos. No seu momento pasou cun PXOM mal construído, que o levan pagando dez anos.

Sinala que cando di que van pagar practicamente o mesmo, é falso, porque cada dous anos se van renovar os prezos.

Di que consultou a expertos na materia e o que lle din é que este tipo de contratos están obsoletos e que agora mesmo para o ámbito rural europeo o que se está instalando son as chamadas luminarias de moi baixo consumo, non LEDs.



Con este tipo de contrato coartan a posibilidade de que gobernos posteriores poidan beneficiarse do cambio tecnolóxico cunha baixada do prezo dos LEDs. O que fan con este contrato é darlle un gran contrato a unha gran construtora, das do seu grupo, en detrimento das pequenas empresas locais, algunhas delas con propietarios militantes no PP.

En canto ao tema da amortización di que cando se fai un contrato deste tipo faise a seis ou oito anos, pola seguinte razón: amortízanse en cinco anos as instalacións de LEDs e luminarias públicas e dásele dous, ou como máximo tres anos, de beneficio ás empresas. Doce anos é unha barbaridade.

Di que o grupo de goberno vai asinar un contrato que lle vai afectar a tres lexislaturas posteriores a esta, e pregunta se cre que o país lles pertence.

Postos a votación os citados pregos, apróbase con sete votos a favor do PP, e seis votos en contra do PSdeG-PSOE, BNG-AA e concelleiro non adscrito, o Sr. Castro Rocamonde.

7º.- Aprobación, se procede, sobre ordenanza específica reguladora das bases da convocatoria para a concesión de axudas para situación de emerxencia social e favorecer a inclusión social no Concello de Vedra.

Dáse conta da proposta de *ordenanza específica reguladora das bases da convocatoria para a concesión de axudas para situacións de emerxencia social e favorecer a inclusión social no Concello de Vedra*, que derroga a anterior aprobada polo Pleno en sesión ordinaria celebrada o 23/12/2009 (BOP núm. 39/10, do 1 de marzo)

De acordo co establecido nos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, propónse ao pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a ordenanza específica reguladora das bases da convocatoria para a concesión de axudas para situacións de emerxencia social e favorecer a inclusión social no Concello de Vedra.

Segundo.- Someter dita ordenanza municipal a información pública coa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello polo prazo de 30 días hábiles . De non presentarse reclamacións e/ou suxestións durante o citado prazo, considerarse definitivamente aprobada sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

O Sr. Lema Mougán, do PP, expón que isto parte dun proxecto dos servizos técnicos do Departamento de Servizos Sociais do concello para adaptar a normativa á situación actual. Era preciso actualizala porque se atoparon unha serie de necesidades que non se contemplaran, e por outro lado, trátase de incrementar as contías das diferentes tipoloxías das axudas como necesidades básicas de alimentación e vestido, gastos derivados de atención sanitaria, axudas para o pago de aluguer, fianza ou desafiuzamento; adquisición de equipamento básico para primeiras necesidades na vivenda habitual, reparacións, adaptacións funcionais e eliminación de barreiras arquitectónicas, etcétera. É unha cuestión na que o concello non chora ningún tipo de axuda ou achega e tratan de que os veciños/as de Vedra en situación de vulnerabilidade teñan a axuda municipal.



Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE di que despois de ver a ordenanza e o informe da traballadora social o seu grupo vai votar a favor.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que vai votar a favor e concorda co grupo de goberno na xustificación desta ordenanza porque hai que adaptala aos tempos e circunstancias actuais que son derivadas das políticas neoliberais do PP que inclúe a precarización laboral, dos salarios e que dan lugar a estas situacións máis agravadas.

As situacións de vulnerabilidade social e índices de pobreza aumentaron máis ca nunca como reflicten as enquisas de condicións de vida en España e outros organismos como Cáritas.

Esta ordenanza é un parche ás moitas eivas e deficiencias nas fallas de cobertura da Risga, da Lei 10/2013 de inclusión social de Galicia, que se fose efectiva, esta ordenanza non tería sentido. Vén a recoñecer que a Lei 10/2013 ten unha cobertura insuficiente, as dificultades de aplicación e xustificación das necesidades complexas. Á vista de que o goberno autonómico ten en proxecto, con tres anos de atraso, un decreto que desenvolve a Lei 10/2013, espera que no futuro cando se traian mocións ao pleno con suxestións a este respecto ou emendas a ese decreto unha vez aprobado, teña a ben aprobalas.

Posta a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

8º.- Acordo, se procede, se procede, sobre adhesión ao protocolo xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa *Concellos Doing Business Galicia*.

Acórdase retirar este punto da orde do día.

9º.- Acordo, se procede, sobre moción do PSdG-PSOE con motivo da desigualdade salarial entre homes e mulleres.

Dáse conta da moción do PSdG-PSOE na que expoñen que se ben recoñecen os avances que ao longo de décadas se desenvolveron en materia de igualdade no noso país, tamén recoñecen os retrocesos e recortes que se veñen producindo nas políticas de igualdade, especialmente no ámbito local, debido ao cambio lexislativo que modificou substancialmente o ámbito de competencias dos concellos nestas áreas

Unha das maiores desigualdades que viven as mulleres é a que corresponde ao ámbito laboral, por iso, dende o Grupo Municipal Socialista apoian que o noso país conte cunha Lei de Igualdade Laboral que contribúa a erradicar as diferentes situacións de discriminación que teñen as mulleres no acceso ao emprego, á promoción profesional, á eliminación da brecha salarial, que xunto á precariedade e á temporalidade, conforman a columna vertebral da desigualdade laboral das mulleres. As mulleres sufriron e seguen a sufrir en maior medida as consecuencias da crise; teñen de ganancia media anual preto de 6 puntos menos de diferenza con respecto aos homes; porque a taxa de paro das mulleres é máis de 4 puntos por encima que a dos homes, ...etcétera

O Grupo Municipal Socialista apoia a iniciativa proposta polos dous sindicatos maioritarios (UXT e CC.OO) da convocatoria por 1ª vez dun paro laboral de dúas horas na xornada do día 8 de marzo, como medida de concienciación e reivindicación ante a



situación xeneralizada de desigualdade laboral que teñen as mulleres neste país e porque son as organizacións sindicais as que poden convocar un paro con arranxo á lei.

Por todas estas razón e en definitiva porque a pesar dos avances en políticas de igualdade, aínda persisten graves discriminacións de xénero e estereotipos de carácter sexista que impiden ás mulleres participar en igualdade de condicións en todos os ámbitos da sociedade, dende o grupo Municipal Socialista instamos aos demais Grupos Municipais do Concello de Vedra á aprobación polo Pleno dos seguintes acordos:

1º.- Todos os Grupos Municipais sumámonos á iniciativa dos Sindicatos maioritarios (UXT e CC.OO) da convocatoria de PARO DE DÚAS HORAS NO DÍA 8 DE MARZO e animamos aos e ás traballadoras á sumarse a iso, como unha medida máis de concienciación e sensibilización sobre a situación de discriminación das mulleres no ámbito laboral e en todos os ámbitos da sociedade

2º.- O Pleno do Concello solicita aos Grupos Parlamentarios representados no Congreso dos Deputados á presentación e aprobación dunha Lei de Igualdade Laboral, así como dar traslado deste acordo coa Grupos Parlamentarios no Congreso dos Deputados.

O Sr. Rocamonde propón unha declaración institucional non limitándose aos colectivos que se citan.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE di que esta moción conta co apoio do BNG-AA e do concelleiro non adscrito, Sr. Castro Rocamonde, non limitándoa ao apoio só dos sindicatos. Na comisión informativa quedouse en eliminar “paro de dúas horas” e non ten ningún problema en facelo, así como “sumámonos á iniciativa dos sindicatos e organizacións do movemento feminista en España”.

Di que é unha iniciativa que se vai levar a cabo en 77 países e que reconece as graves discriminacións e non só de salario; senón tamén acceder en igualdade de condicións e cos mesmos dereitos, que moitas veces non é posible por asumir maiores cargas familiares. Cre que é necesario facer visibles todos estes temas o día 8 de marzo con esta convocatoria de paro, así como que dende o Congreso dos Deputados/as se debe ir regulando unha lei de igualdade laboral que non permita este tipo de discriminacións.

Solicita o apoio á moción.

O Sr. Lema Mougán, do PP, di que o seu grupo cre que esta é unha cuestión prioritaria dun gran simbolismo e de gran visibilidade social, e van apoiar a moción.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que lle falta a xustificación do grupo de goberno para non apoiar a declaración institucional.

O Sr. Lema Mougán, do PP, pensa que o acto vén dun nivel superior ao municipal (centrais sindicais, asociacións feministas, etcétera) e que co apoio á moción é suficiente.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, pregunta se o PP se nega a facer unha declaración institucional tal e como se dixo na comisión.

O Sr. Lema Mougán, do PP, di que non se negan, cren que o apoio á moción do PSdeG-PSOE por iniciativa dos dous grandes sindicatos deste país neste tema, é suficiente.



O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que na comisión informativa cos votos a favor do PSdeG-PSOE, BNG-AA e concelleiro non adscrito, e a abstención do PP propúxose converter esta moción nunha declaración institucional.

Intervén a Presidencia para dicirlle ao Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, que non lle saque méritos ao PSdeG-PSOE, que é o que presentou a moción. Se se fai unha declaración institucional xa son todos os grupos e enténdese que tamén se suman ao mérito. Ratifica todo o que dixo o portavoz do seu grupo e non lle importa que sexa unha moción ou unha declaración institucional, o que importa é o fondo.

O Sr. Lema Mougán, do PP, recórdalle ao Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, que se abstivo cando se votou a declaración institución institucional do Día contra a violencia de xénero.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, di que vai votar a favor e que lle gusta que a presente unha muller e que lle gustaría que quen a apoiara e defendera dende o PP fose unha muller.

Posta a votación dita moción, apróbbase por unanimidade dos asistentes, ao mesmo tempo que se acorda converter o mesmo texto en declaración institucional.

10.- Acordo, se procede, sobre moción do PSdG-PSOE declarando o 24 de febreiro Día de Rosalía no noso concello.

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal Socialista na que expoñen que Rosalía de Castro é a escritora máis representativa da lingua e da literatura galega; a publicación do seu libro *Cantares Gallegos*, o primeiro escrito integramente no noso idioma, dende a vontade firme e inequívoca do seu significado, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento.

Dende o século XIX Rosalía de Castro foi homenaxeada polas galegas e os galegos como poetisa nacional, pois reclamou a redención da Patria Galega e asumiu a voz do seu pobo; voz que guiou permanentemente a súa obra e o seu pensamento. Esta galegitude intrínseca dos seus textos, esta comunicación e entendemento permanente co seu pobo, ao dirixirse a el no seu idioma propio, foi o que a fixo tamén poetisa de todos os pobos, chegando a formar parte da nómina de escritoras máis destacadas da literatura universal de todos os tempos.

Por estes motivos, a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos. Máis de 50 concellos de Galicia, entre eles os veciños de Teo, Ames, A Estrada, Silleda, Padrón e Santiago de Compostela, contan xa cun día dedicado á memoria e difusión das súas verbas, nos que se celebran distintas actividades culturais para promover a obra da escritora.

Por todo iso propón ao Pleno do Concello :

1º.- Declarar o 24 de febreiro Día de Rosalía no noso concello.

2º.- Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen ao conxunto dos veciños e veciñas do noso concello o 24 de febreiro, data recollida oficialmente pola Consellería de Cultura no seu Calendario do Libro e da lectura.



3º.- Realizar unha lectura pública da obra rosaliana nun lugar destacado do concello na que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.

O Sr. Rocamonde propón unha declaración institucional.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE sinala que é unha moción que lles transmite a Asociación de escritores/as en lingua galega, e que xa hai máis de cincuenta concellos adscritos á mesma. Solicita o voto a favor.

Posta a votación dita moción, apróbase por unanimidade dos asistentes, ao mesmo tempo que se acorda converter o mesmo texto en declaración institucional.

11.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

--Ás preguntas de dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE, a Presidencia responde:

1.- Sobre a homenaxe prevista a don Mariano Lema di que para a semana que vén quedarán para tratar o asunto.

2.- Sobre a limpeza das casas de cultura do concello di que lle contestará no seguinte pleno.

3.- Sobre a mediana que existe na estrada nacional N-525 en A Susana di que a partir de agora váiselle facer un mantemento continuo para que presente un bo aspecto.

4.- Sobre os desfibriladores que se aprobaron no pleno de outubro para o pavillón municipal, campo de fútbol de San Mamede e vehículo de Protección Civil, di que o vehículo de Protección Civil xa o ten porque a Xunta de Galicia lles entregou un. Os outros dous espera que estean instalados no mes de marzo. Así mesmo, farán un curso para o uso dos mesmos para xente que estea vinculada aos espazos onde se instalarán.

5.- Sobre o retraso na adxudicación das obras do POS, responde que é un funcionamento normal do mesmo. Mesmo hai concellos que están executando obras do POS 2016.

Respecto ás obras realizadas por Icafer para apoio brigada obras reposición infraestrutura viaria, contesta que foi para axudar na ampliación da estrada en San Miguel de Sarandón, e que no próximo pleno lle dirá o importe.

6.- Sobre a adxudicación da obra de construción dunha aula de infantil no CEIP Ortigueira por Construcciones Luís y Alfonso, di que xa foi contestada polo Sr. Secretario. Respecto ao CPI di que a Xunta de Galicia presupostou unha partida de 350.000 € para obras no CPI de Vedra.

7.- Sobre o informe que figuraba na carpeta do pleno sobre o procedemento de contratación para o contrato mixto para a subministración de servizos di que xa foi contestada polo Sr. Secretario no seu momento.

--Ás preguntas do Sr. Lago Lestón do PSdeG-PSOE, a Presidencia responde:



1.- Respecto da empregada da cafetería do Centro Social de Vedra di que o horario é de martes a domingo de 18:00 a 22:00 horas no inverno, e de 19:00 a 23:00 horas no verán, excepto os días que hai actividades, eventos ou charlas, que pecha ao remate da actividade se este é posterior á hora de peche habitual. O centro pecha os luns e o último domingo de mes, excepto que haxa actividades programadas.

Respecto dos días de libre disposición di que son os establecidos pola lei; vacacións, 22 días hábiles por ano. Os días de libre disposición disputados no ano 2017 foron 4; as vacacións 22 días hábiles e o período de baixa do 3 ao 17 de febreiro.

En canto a cubrir ese posto en caso de ausencia do persoal di que se é posible con persoal propio do concello, ou ben cun contrato menor con empresas da zona. Sinala que esta situación vai quedar resolta cando remate a realización das bolsas de emprego que se está a levar a cabo e estea lista a de operario de servizos múltiples e conserxe.

2.- Respecto ás publicacións feitas en “Galicia Confidencial” respecto aos traballos feitos para a organización do arquivo municipal, cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez, do PP, que di que respecto a este tema xa se contestou en comisións, plenos e mesmo na prensa. Sinala que teñen criterios distintos e pode estar de acordo nalgúns, pero en total desacordo noutros.

3.- Respecto á páxina web, na que figuraba no grupo socialista Odón Cobas, di que xa está cambiado.

4.- Respecto da suba do censo de poboación en Vedra e unha mesa de traballo no concello di que se constituíu unha mesa multidisciplinar entre diferentes departamentos do concello e cando se convocou, cre recordar, que se convidou aos grupos da oposición a participar da mesma e declinaron participar.

En todo caso, van convocar outra tarde de traballo exclusiva para este tema e invita aos grupos da oposición a participar.

Di que o censo do concello hai 3 días era de 5059 habitantes.

5.- Respecto a que Iván García deixou de ser traballador do concello, como se ocupa agora ese posto, e se vai saír a concurso, di que pediu unha excedencia de dous anos. Ese posto está vinculado a unha subvención da Deputación e cambiou este ano. Antes era para o mantemento dese servizo, e agora é para unha nova selección. Xa está solicitada a subvención e en breve se iniciará o proceso de selección. Mentres non se resolva a convocatoria de subvención, prorrogóuselle o contrato a Ana, a axente de turismo, á que lle vencía o contrato en decembro.

6.- Respecto da campaña da avespa velutina e do Entroido en Vedra, di que xa están contestadas.

--Ás preguntas do Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, a Presidencia responde:

1.- Respecto ás marquesiñas en desuso en certas paradas di que se van colocar dúas agora mesmo, e pídelle que se saben dalgún outro caso concreto que lle pasen o recado directamente á concelleira de obras.

2.- Respecto ás xestións para recuperar a propiedade pública municipal da parcela lindeira coa nave do concello en Xián que foi inscrita no rexistro da propiedade por



unha sociedade mercantil di que se intentou facelo vía extraxudicial coa rexistradora, pero que non foi posible. Agora van presentar a demanda xudicial para cancelar dita inscrición e facer a anotación no rexistro a nome do concello e así mesmo, vaise solicitar como medida cautelar a notación preventiva da demanda no propio rexistro da propiedade.

3.- Respecto da tala da carballeira centenaria que se fixo na parcela contigua á nave do concello en Trobe, di que se vai remitir ao Servizo de conservación da natureza da Xunta de Galicia todo o expediente.

4.- Respecto de cantos anos hai que é prioritario para a Presidencia o desenvolvemento do polígono industrial di que dende o primeiro ano e que xa se foron dando máis pasos e máis pronto ca tarde se vai ver o desenvolvemento desa primeira fase do polígono.

5.- Respecto da visita do Vicepresidente da Xunta ás obras do campo de fútbol de Vedra di que foi unha visita institucional dun día para outro. Nesa visita aproveitou para falar doutros temas da súa competencia. Esqueceuse de non ter avisado aos grupos da oposición e pide desculpas.

6.- Respecto ás pozas que persisten despois de cesar a choiva na pista de rodadura di que se está comprobando se é así, e á espera do que lle digan os técnicos.

En canto ao cambio na dirección de obra, sinala que a dirección foi desenvolvida por Fermín Blanco e a dirección da execución polo técnico J.M. Pena que foi o que fixo as comprobacións de topografía durante todo o proceso da obra. A maiores está a empresa externa encargada do control de calidade da propia obra.

No referente aos traballos que se están a desenvolver agora di que se está acondicionando un pouco; sacando as pedras que había, botando unha semente de herba de xeito provisional no campo de F-7 xa que despois se farán máis actuacións. O resto preténdese que quede de forma definitiva. Son contías moi pequenas e estase a realizar con xardineiros da zona.

7.- Respecto do convenio entre o concello de Vedra e Augas de Galicia no ano 2017, di que a propia Xunta de Galicia fixo un recálculo do mesmo, e o convenio 2016-2018 executarase e gastarase integramente no ano 2018. Comezaron coa adxudicación completa xa no ano pasado e as empresas tiñan ata novembro do 2017 para presentar as ofertas por esa obra cun importe de 700.000 €. Agora está a piques de rematar todo o proceso de adxudicación e calcula que para maio se estea a facer a obra completa do convenio.

8.- Respecto a se a Presidencia está levando a opacidade (adxudicación a dedo) ao extremo máximo e se non está a facer un uso perverso da legalidade na adxudicación da obra realizada por Construcciones Luís & Alfonso no CEIP Ortigueira contesta que non. Considera que é unha moi boa empresa, que é do concello e da propia parroquia do colexio e que xa fixera traballos nese centro encargados pola propia Consellería de Educación polo que considera que era a empresa axeitada.

9.- Respecto ao importe total das facturas pagadas a Construcciones Luís & Alfonso por obras no campo de fútbol de Santa Cruz de Ribadulla nesta lexislatura di que é de 11.119,90 €.



10.- Respecto da moción aprobada en pleno relativa á mellora da seguridade dos ciclistas nas vías de Vedra contesta que se fixeron as instancias e demandas correspondentes no mes de xullo, pero que ata agora os diferentes organismos non fixeron nada e terá que volver insistir. Recoñece que ten pendente a realización das charlas, folletos, etcétera.

11.- Respecto da pregunta se no ano 2017, ao igual ca no 2016, o concello ofreceu farois a cambio de empadroamentos ou algún outro tipo de prebenda di que non comparte nin procede.

12.- Respecto á pregunta sobre o arquivo municipal, cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez, que di que teñen previsto poñelo en funcionamento ao longo deste ano e están pendentes de solucionar a situación do cadro eléctrico, e que a xestión será dende o concello con persoal propio.

13.- Respecto á realización de roldas de identificación de sospeitosos/as de danos ou delitos na casa do concello, di que lle contestará no próximo pleno.

--Ás preguntas do Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, a Presidencia responde:

1.- Respecto a se a depuradora de Bazar se debería imputar ao polígono di que está pendente do informe e que o volveu reclamar e que tan pronto o teña dará traslado do mesmo.

2.- Respecto a quen asinou a recepción da obra do velódromo ou pista de rodadura feita no campo de fútbol de Vedra di que non mirou, pero que entende foi o técnico Fermín Blanco, e administrativamente el mesmo. Di que contestará no próximo pleno.

12.- Rogos e preguntas.

--Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE pregunta:

1º.- Respecto da pregunta formulada no pleno anterior sobre o retraso no asfaltado das vías municipais non contestou nada. O que se aprobou este ano de abastecemento será entón para o ano 2019, e iso é non asumir a responsabilidade.

Pregunta se está esperando á proximidade das eleccións municipais para encher o concello de luminarias novas, máquinas traballando, etcétera.

2º.- Respecto ao CPI de Vedra, que dixo que había 350.000 € comprometidos para obras, pregunta se ten algún proxecto feito.

--O Sr. Lago Lestón do PSdeG-PSOE pregunta:

1º.- Con respecto á intervención formulada no pleno anterior sobre as publicacións aparecidas en “Galicia Confidencial”, entende que teñan ideas diferentes, pero hai dúas preguntas que non lle foron contestadas:

a.- Quen fixo o cálculo das horas de traballo, se foi persoal cualificado. O Sr. Vázquez Martínez, do PP, di que asume el toda a responsabilidade sobre ese tema.

b.- Que interese ten o PSdeG-PSOE en botar merda enriba do grupo de goberno e terxiversar.



Di que lle resulta estraño que digan que está todo dito e falado sobre ese tema, cando o pleno é un órgano de goberno no que os grupos da oposición intentan xestionar as actividades do concello facendo rogos, preguntas mocións etcétera.

A oposición está na obriga de facer as preguntas que considere oportunas, e o grupo de goberno está na obriga de respondelas as veces que faga falta.

Di que este tema chéiralles moi mal e que non van parar ata que alguén asuma as responsabilidades.

Lembra as palabras do Sr. Alcalde hai tres anos cando colleu o bastón de mando e dicía que ía intentar chegar a acordos unánimes entre todos os grupos políticos. No pleno de hoxe non lle gustou nada o sucedido co contrato enerxético, porque non é a primeira vez que sucede, que aplican o rolo da maioría absoluta. Di que chegar a unanimidade trátase de coller as propostas, valoralas e intentar melloralas todos os grupos xuntos.

2.- Roga que se coloquen bandos nos paneis informativos das parroquias cando haxa algún tipo de actividades deportivas ou culturais que supoñan o corte de camiños e estradas, xa que hai moita xente no concello que non ten acceso á páxina web do concello para informarse das mesmas, e despois atópanse con estradas e pistas cortadas.

3.- Respecto da campaña da avespa velutina, pregunta cantas trampas se repartiron e se se fixo o taller no CPI de Vedra.

O Sr. Vázquez Martínez do PP contesta que falou co director do centro e comunicoulle que había un profesor interesado en facer eses talleres e ofreceulle a colaboración, se a necesitaban, dalgún monitor.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE di que da campaña que presentou o seu partido colleron o que lles interesaba. A idea era intentar fabricar esas trampas caseiras cos nenos/as e despois regalalas o día da camelia.

Sinala que o tríptico está ben deseñado e feito, igual cás charlas, pero a organización foi un desastre. Na charla de Vedra tiveron que marchar para a Biblioteca Municipal porque estaba ocupado o Centro Social e non había nin un cartel avisando do cambio.

O Sr. Vázquez Martínez do PP contesta que non se repartiu de momento ningunha trampa porque primeiro teñen que mercalas, e a colocación das trampas comezará na próxima semana.

4.- Nos medios de comunicación saíu unha nova sobre unha obra realizada en Gundián denunciada en decembro por un veciño. Polo visto, un día despois de chegar a denuncia, o Alcalde paralizou as obras e mandouse un expediente á APLU. Pregunta como está ese tema; se tiña licenza de obra; por que se denunciou e se están agora paralizadas.

5.- Pregunta se é verdade que se está a cobrar por deixar residuos no punto limpo.

6.- Pregunta canto leva gastado en reformas do tellado do pavillón para conseguir melloras no mesmo, xa que coas primeiras choivas está impracticable. De feito hai unha goteira.

--O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, pregunta:

1º.- Cal foi o procedemento de contratación da aplicación móbil “Vedra Activa”?



2º.- Pregunta se na liquidación do orzamento do 2017 houbo un superávit de 10.000 € porque hai meses, a pesares de que foi aprobado a partires da metade do ano, o Sr. Alcalde falaba dun superávit de 100.000 €.

3º.- Pregunta se o goberno de Vedra comparte a proposición de lei presentada no Parlamento de Galicia polo voceiro do PP, Pedro Puy, veciño de Vedra, na que solicita ao goberno central que os concellos devolvan con cargo ao superávit a devolución da plusvalía.

4º.- No proceso de contratación de asistencia técnica de urbanismo, que foi un procedemento negociado sen publicidade, chama a atención que se convidara a participar a 4 + 1 técnicos. Deses catro, un non aportou documentación e quedou excluído; e dos outros 3 + 1, tres non tiñan experiencia.

Pregunta como é posible este feito. Cre que ten toda a aparencia de que é para darlle un sustento legal ao procedemento. Pregunta se considera a Presidencia que o procedemento se parece moito a unha contratación a dedo.

5º.- Sobre o plan de defensa contra incendios pregunta como está a estas alturas do mes de marzo, quen o vai realizar, se con recursos propios do concello ou se vai contratar algunha asistencia que o elabore de acordo coa lei de incendios.

6º.- Pregunta en que consiste a asunción de responsabilidades por parte do Sr. Vázquez Martínez do PP respecto aos traballos de organización do arquivo polos que se pagaron 7.500 € por un mes de traballo.

7º.- Relativo aos pregos de contratación da iluminación pública que aprobou o PP neste pleno cos seus votos a favor, pregunta se reconecería no Pleno que o que se fixo cos pregos foi un traxe a medida, se lle dá o nome de dúas empresas, unha de subministración de luminarias e outra de servizos que van participar unha como adxudicataria e outra como subministradora.

--O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA fai o seguinte rogo:

Sobre o campo de F-7 de Vedra di que ten na casa un documento que lle rexistrarán os nenos/as de Vedra e Boqueixón nesta semana, con cen sinaturas, onde solicitan unha pista para practicar skate nese espazo. Roga que o teñan en conta.

A Presidencia di que pode ser compatible.

1º.- Pregunta como van os 700.000 € do Plan Especial de Ponte Ulla.

2º.- Pregunta se no momento en que Vedra baixe dos 5.000 habitantes pensou como vai pagar o contrato que hoxe aprobaron sobre a iluminación pública. Esa baixada de habitantes, aparte de ter que prescindir do tesoureiro ou secretario municipal, supón unha perda de ingresos de entre 150 e 200 mil euros.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e corenta e cinco minutos.